



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### INSTRUCCIÓN 1/2009 SOBRE A TRAMITACIÓN DE BOLSAS CENTRALIZADAS

A normativa aplicable en materia de execución de gastos públicos establece ao respecto, que os documentos contables deben ser reflexo de verdadeiros actos administrativos de execución dos gastos. Isto esixe que xunto cos diferentes documentos contables deba achegarse a documentación que xustifique a autorización, disposición ou recoñecemento da obriga.

A indicada xustificación na tramitación de bolsas, implica achegar con cada documento contable a resolución que dispoña o gasto ou o recoñecemento da obriga e a listaxe de persoas beneficiarias da bolsa.

Considerando que o número de persoas beneficiarias das distintas bolsas no exercicio 2009 ascende a 2.589, implica a xeración de, aproximadamente, 7.000 documentos contables de disposición e recoñecemento da obriga. Estes datos dan como resultado a necesidade de realizar 14.000 fotocopias.

Tendo en conta o que precede e con fin de simplificar a tramitación das bolsas centralizadas, esta Xerencia

#### DISPÓN:

- 1.- A apertura dun expediente por cada convocatoria e que estea identificado pola referencia interna.
- 2.- No expediente incluírase:
  - a) A convocatoria e o documento contable de autorización de gasto fiscalizado.
  - b) As resolucións de disposición e de recoñecemento da obriga e a listaxe de persoas beneficiarias.
  - c) Os documentos contables de disposición do gasto remitíranse ao Servizo de Intervención cunha copia da resolución e da listaxe, quedando no expediente unha vez fiscalizados.
  - d) Os documentos contables de recoñecemento da obriga remitíranse ao Servizo de Intervención, engadíndolle ao primeiro documento contable unha copia da resolución, a listaxe de persoas beneficiarias e a listaxe dos documentos "D" validados e deixarase constancia desta documentación no expediente.
  - e) Unha vez que se fiscalicen os documentos anteriores, o Servizo de Intervención remitírallos ao Servizo de Xestión Financeira para a tramitación do pagamento.

A Coruña, 10 de marzo de 2009

O xerente

Manuel Galdo Pérez